

Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Subvencións e axudas***BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS AOS/ÁS ESTUDANTES CON EXCELENCIA ACADÉMICA NAS PROBAS PAU 2025**BASES REGULADORAS PARA LA CONCESIÓN DE PREMIOS A LOS/AS ESTUDIANTES CON EXCELENCIA ACADÉMICA EN LAS PRUEBAS PAU 2025.**Expediente: 4505/2025**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

El objeto de la presente convocatoria es el reconocimiento público del esfuerzo, la dedicación y la excelencia académica a los/las estudiantes porriñeses/as que hayan obtenido los mejores resultados en la Prueba de Acceso a la Universidad (PAU) en el presente curso académico con los criterios, procedimiento de concesión y requisitos que a continuación se irán detallando.

Este ayuntamiento está muy satisfecho con el rendimiento y logros obtenidos por los/las estudiantes durante este curso, incluyéndose alguno de nuestros centros educativos entre los invitados a la entrega de los Premios MEGAU, evento organizado por las tres universidades gallegas por contar con alumnado entre los mejores expedientes en las pruebas de acceso universitario.

Los premios se configuran como una acción de fomento educativo y reconocimiento institucional, orientada a reforzar valores como el esfuerzo, la excelencia y la superación personal entre el alumnado del municipio.

Por tanto, la concesión de un premio se enmarca dentro de la actividad de fomento de las entidades locales y su tratamiento es el regulado por el ordenamiento jurídico para las subvenciones. Así, el reglamento de servicios de las corporaciones Locales en su artículo 24 señala que “se considera subvención cualquier auxilio directo o indirecto, valorable económicamente, a expensas de las entidades locales, que otorguen las corporaciones y, entre ellos, las becas, primas, premios y demás gastos de ayuda personal”. Actualmente, la regulación básica de la materia se encuentra en la ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones. Analizando lo que disponen sus artículos 2, 3, 4 y 5 se concluye que resulta vigente la consideración de los premios como subvenciones.

Además la Disposición Adicional décima de la Ley 38/2003 contiene una remisión normativa sobre la materia, en tanto que dispone que “reglamentariamente se establecerá el régimen especial aplicable al otorgamiento de los premios educativos, culturales, científicos o de cualquier



Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

otra natureza, que deberá ajustarse al contenido de esta ley, salvo en aquellos aspectos en los que, por la especial natureza de la subvención, no resulte aplicable”.

Por lo tanto, es objeto de las presentes bases el cumplimiento estricto por orden del artículo 17.3.e) de la Ley General de Subvenciones de los principios que rigen la concesión de subvenciones, fundamentalmente los de publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación consagrados por el artículo 8.3.a) de la misma ley.

BASES REGULADORAS

1.— OBJETO DE LA CONVOCATORIA.

Como se ha dicho en la exposición de motivos, el objeto de esta convocatoria es la regulación del procedimiento para la concesión de premios al alumnado empadronado en nuestro término municipal con mejor expediente en la PAU 2025 y que haya obtenido una nota igual o superior a 8,50 puntos en la fase general (obligatoria) de dicho exámen.

Esta convocatoria se tramitará en régimen de concurrencia competitiva mediante comparación y prelación de las solicitudes presentadas, de tal forma que obtendrán premio aquéllas que acrediten una mayor nota obtenida, hasta completar el número de 15 premiados.

2.— BENEFICIARIOS DE LOS PREMIOS.

Alumnado empadronado en Porriño y que haya participado en la presente convocatoria de la PAU 2025, obteniendo una nota mínima de 8,50 puntos en la fase general obligatoria.

3.— APLICACIÓN PRESUPUESTARIA, IMPORTE TOTAL, N.º DE PREMIOS A CONCEDER.

Se destinará un importe máximo de 4.500 euros para un total de 15 premios de 300 € cada uno. La partida de imputación será la 326.4800000 donde existe crédito acreditado por el documento RC incorporado al expediente.

4.— SOLICITUDES Y DOCUMENTACIÓN PRECEPTIVA.

El alumnado interesado en participar y que esté en disposición de poder acreditar el cumplimiento de los requisitos exigidos en estas bases, deberá solicitarlo mediante la presentación de la documentación que se señala:

1. Instancia individualizada firmada por el solicitante. En caso de ser menor de edad, deberá ser firmada por el tutor legal. Podrá utilizarse el modelo de instancia general que se encuentra en la sede electrónica del ayuntamiento.
2. Copia del DNI y, en su caso, copia del DNI del tutor legal.
3. Acreditación de la nota obtenida en la PAU 2025 en donde se indique la nota obtenida tanto en la fase general u obligatoria como en la fase voluntaria o específica.



Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

4. Volante de empadronamiento en el término municipal de Porriño.
5. Certificado de cuenta bancaria de titularidad del solicitante.
6. Declaración responsable del cumplimiento de requisitos para ser beneficiario de subvenciones y de estar al corriente de sus obligaciones tributarias y frente a la seguridad social (se adjunta modelo como anexo a las presentes bases).

5.— PRESENTACIÓN Y PLAZO.

Se establece un plazo de quince días hábiles para la presentación de los documentos exigidos contado desde el día siguiente al de publicación del extracto de las presentes bases en el BOP.

La instructora del procedimiento comprobará los requisitos exigibles y la documentación acreditativa necesaria y, si se precisase, requerirá para que en el plazo de diez días hábiles se subsane la solicitud o complete la documentación preceptiva (artículo 68 de la Ley 39/2015 citada) con la advertencia de que, de no hacerlo así, se tendrá por desistida su petición mediante resolución que deberá dictarse en los términos del artículo 21 del mismo texto legal.

La presentación de la solicitud de concesión de subvención por el interesado conllevará la autorización al órgano gestor para recabar las certificaciones sobre cumplimiento de obligaciones tributarias y seguridad social que deban emitir la AEAT, ATRIGA, la Seguridad Social y la hacienda local a través del ORAL como órgano delegado para la gestión tributaria municipal.

6.— CRITERIOS PARA LA CONCESIÓN DE PREMIOS.

Los premios tienen carácter voluntario y, por lo tanto, no existe obligación de conceder uno a todas las solicitudes que se presenten y cumplan los requisitos de las bases, fijándose un máximo de 15 premios a conceder y con un importe de 300 € cada uno. El orden de concesión será el de mayor nota obtenida en la PAU 2025 siguiendo un orden decreciente. En caso de que haya dos o más alumnos con la misma nota y se produzca un empate, se seguirá el orden cronológico de presentación de solicitudes.

7.— INSTRUCCIÓN Y ÓRGANO INSTRUCTOR.

La instrucción del procedimiento de concesión de estos premios le corresponde a la técnica de gestión económica del departamento de Intervención, o persona que legalmente la sustituya.

Realizará de oficio cuantas actuaciones estime necesarias para la determinación, conocimiento y comprobación de los datos en virtud de los que debe formularse la propuesta de resolución por la comisión cualificadora.

Las actividades de instrucción comprenderán:

- Petición de cuantos informes estime necesarios o aquéllos que sean exigidos por las normas de aplicación. Todos serán emitidos en los plazos reglamentarios para resolver.



Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

- Evaluación de las solicitudes o peticiones, realizada según los criterios, formas y prioridades de valoración establecidos en las bases de la convocatoria.
- Una vez evaluadas las solicitudes, la comisión deberá emitir propuesta en la que se concrete el resultado de la evaluación realizada. Dicha propuesta será elevada a la alcaldía-presidencia que emitirá resolución, debiendo ser notificada a los interesados debidamente motivada. Se concederá un plazo de diez días para presentar alegaciones, o la solicitud de reformulación de su solicitud para ajustar los compromisos y condiciones a los premios que se pretenden otorgar.

La resolución definitiva pone fin a la vía administrativa.

8.— COMISIÓN CUALIFICADORA.

La Comisión cualificadora estará compuesta por la alcaldía-presidencia, dos concejales delegados de área y con voz pero sin voto la instructora, o persona que legalmente la sustituya que actuará como secretaria de la Comisión. La comisión cualificadora será nombrada por resolución de la alcaldía.

9.— RESOLUCIÓN.

Será competencia de la alcaldía-presidencia la resolución del expediente a propuesta de la comisión cualificadora con informe previo del servicio de Intervención. Dicha resolución pone fin a la vía administrativa debiendo ser notificada a los interesados. La participación supone la plena aceptación de lo dispuesto en las presentes bases y el incumplimiento de cualquiera de ellas dará lugar a la pérdida del derecho de optar a los premios.

10.— RECURSOS.

Contra la resolución de concesión, que pone fin a la vía administrativa, podrá interponerse el recurso potestativo de reposición ante el mismo órgano que la dictó y en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente al de su notificación, según lo establecido en el artículo 123 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, o directamente ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia dentro del plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de su notificación, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 8.1 y 46.1 de la Ley 29/1998, de 3 de junio de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

De interponerse el recurso potestativo de reposición, éste se resolverá y notificará en el plazo de un mes según establece el artículo 124 de la citada Ley 39/2015. En el caso de silencio administrativo se estará a lo establecido en el artículo 24 del mismo texto legal.

Non obstante, también se podrá interponer cualquier otro recurso ajustado a Derecho que los interesados estimen procedente.

Documento firmado digitalmente al margen en la fecha que se indica por el alcalde-presidente.



Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

*BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS AOS/ÁS ESTUDANTES CON
EXCELENCIA ACADÉMICA NAS PROBAS PAU 2025**Expediente: 4505/2025**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

O obxecto da presente convocatoria é o recoñecemento público do esforzo, a dedicación e a excelencia académica aos/as estudantes porriñeses/as que obtivesen os mellores resultados na Proba de Acceso á Universidade (PAU) no presente curso académico cos criterios, procedemento de concesión e requisitos que a continuación se irán detallando.

Este Concello está moi satisfeito co rendemento e logros obtidos polos/as estudantes durante este curso, incluíndose algún dos nosos centros educativos entre os convidados á entrega dos Premios MEGAU, evento organizado polas tres universidades galegas, por contar con alumnado entre os mellores expedientes galegos nas probas de acceso universitario.

Os premios configúranse como unha acción de fomento educativo e recoñecemento institucional, orientada a reforzar valores como o esforzo, a excelencia e a superación persoal entre o alumnado do municipio.

Polo tanto, a concesión dun premio enmárcase dentro da actividade de fomento das entidades locais e o seu tratamento é o regulado polo ordenamento xurídico para as subvencións. Así, o regulamento de servizos das corporacións locais no seu artigo 24 sinala que “se considera subvención calquera auxilio directo ou indirecto, valorable economicamente, a expensas das entidades locais, que outorguen as corporacións e, entre eles, as bolsas, primas, premios e demais gastos de axuda persoal”. Actualmente, a regulación básica da materia atópase na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Analizando o que dispoñen os seus artigos 2, 3, 4 e 5 conclúese que resulta vixente a consideración dos premios como subvencións.

Ademais a Disposición Adicional décima da Lei 38/2003 contén unha remisión normativa sobre a materia, en tanto que dispón que “regulamentariamente se establecerá o réxime especial aplicable ao outorgamento dos premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza, que deberá axustarse ao contido desta Lei, salvo naqueles aspectos nos que, pola especial natureza da subvención, non resulte aplicable”.

Por tanto, é obxecto das presentes bases o cumprimento estrito por orde do artigo 17.3.e) da Lei xeral de subvencións dos principios que rexen a concesión de subvencións, fundamentalmente os de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación consagrados polo artigo 8.3.a) da mesma Lei.



Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

BASES REGULADORAS

1.— OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Como se dixo na exposición de motivos, o obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a concesión de premios ao alumnado empadroado no noso termo municipal con mellor expediente na PAU 2025 e que obtivese unha nota igual ou superior a 8,50 puntos na fase xeral (obrigatoria) do dito exame.

Esta convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva mediante comparación e prelación das solicitudes presentadas, de tal forma que obterán premio aquelas que acrediten unha maior nota obtida, ata completar o número de 15 premiados/as.

2.— BENEFICIARIOS/AS DOS PREMIOS.

Alumnado empadroado no Porriño e que participase na presente convocatoria das PAU 2025, obtendo unha nota mínima de 8,50 puntos na fase xeral obrigatoria.

3.— APLICACIÓN ORZAMENTARIA, IMPORTE TOTAL, Nº DE PREMIOS PARA CONCEDER.

Destinarase un importe máximo de 4.500 euros para un total de 15 premios de 300 € cada un. A partida de imputación será a 326.4800000 na que existe crédito confirmado polo documento RC incorporado ao expediente.

4.— SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN PRECEPTIVA.

O alumnado interesado en participar e que estea en disposición de poder acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases, deberá solicitalo mediante a presentación da documentación que se sinala:

1. Instancia individualizada asinada polo solicitante. En caso de ser menor de idade, deberá ser asinada polo titor legal. Poderá utilizarse o modelo de instancia xeral que se atopa na sede electrónica do Concello.
2. Copia do DNI e, no seu caso, copia do DNI do titor legal.
3. Acreditación da nota obtida na PAU 2025 onde se indique a nota obtida tanto na fase xeral ou obrigatoria como na fase voluntaria ou específica.
4. Volante de empadramento no termo municipal do Porriño.
5. Certificado de conta bancaria de titularidade do/a solicitante.
6. Declaración responsable do cumprimento de requisitos para ser beneficiario/a de subvencións e de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (achégase o modelo como anexo ás presentes bases).



Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

5.— PRESENTACIÓN E PRAZO.

Establécese un prazo de quince días hábiles para a presentación dos documentos esixidos, contado desde o día seguinte ao de publicación do extracto das presentes bases no BOP.

A instrutora do procedemento comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa necesaria e, se se precisase, requirirá para que no prazo de dez días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68 da Lei 39/2015 citada) coa advertencia de que, de non facelo así, terase por desistida a súa petición mediante resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 21 do mesmo texto legal.

A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada levará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións sobre cumprimento de obrigas tributarias e de Seguridade Social que deban emitir a AEAT, ATRIGA, a Seguridade Social e a facenda local a través do ORAL como órgano delegado para a xestión tributaria municipal.

6.— CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS.

Os premios teñen carácter voluntario e, polo tanto, non existe obrigación de conceder un a todas as solicitudes que se presenten e cumpran os requisitos das bases, fixándose un máximo de 15 premios para conceder e cun importe de 300 € cada un. A orde de concesión será a de maior nota obtida na PAU 2025 seguindo unha orde decrecente. No caso de que haxa dous ou máis alumnos coa mesma nota e se produza un empate, seguirase a orde cronolóxica de presentación de solicitudes.

7.— INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR.

A instrución do procedemento de concesión destes premios correspóndelle á técnica de xestión económica do departamento de Intervención, ou persoa que legalmente a substitúa.

Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución pola comisión cualificadora.

As actividades de instrución comprenderán:

- Petición de cantos informes se estimen necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas de aplicación. Todos serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas bases da convocatoria.
- Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión deberá emitir unha proposta na que se concrete o resultado da avaliación realizada. A dita proposta será elevada á Alcaldía-Presidencia que emitirá unha resolución, debendo ser notificada ás persoas interesadas debidamente motivada. Concederase un prazo de dez días para presentar alegacións,



Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

ou a solicitude de reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións aos premios que se pretenden outorgar.

A resolución definitiva pon fin á vía administrativa.

8.— *COMISIÓN CUALIFICADORA.*

A comisión cualificadora estará composta pola Alcaldía-Presidencia, dous concelleiros delegados de área e, con voz pero sen voto, a instrutora ou persoa que legalmente a substitúa que actuará como secretaria da comisión. A comisión cualificadora será nomeada por resolución da Alcaldía.

9.— *RESOLUCIÓN.*

Será competencia da Alcaldía-Presidencia a resolución do expediente, a proposta da comisión cualificadora con informe previo do servizo de Intervención. A dita resolución pon fin á vía administrativa debendo ser notificada ás persoas interesadas. A participación supón a plena aceptación do disposto nas presentes bases e o incumprimento de calquera delas dará lugar á perda do dereito de optar aos premios.

10.— *RECURSOS.*

Contra a resolución de concesión, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño da xurisdición contencioso-administrativa.

De interperse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124 da citada Lei 39/2015. No caso de silencio administrativo estarase ao establecido no artigo 24 do mesmo texto legal.

Non obstante, tamén se poderá interpor calquera outro recurso axustado a Dereito que as persoas interesadas estimen procedente.

Documento asinado dixitalmente á marxe, na data que se indica, polo alcalde-presidente.



Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

ANEXO. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Datos do interesado:

NIF:

Apelidos e nome/Razón social:

En representación de:

CIF:

Razón social:

En calidade de:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Non ter sido condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

2. Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarado insolvente en calquera procedemento, non atoparme en declaración de concurso, non estar suxeito a intervención xudicial ou non ter sido inhabilitado conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

3. Non ter dado lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

4. Non estar incurso nalgún dos supostos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nela ou na normativa autonómica que regule estas materias.

5. Atoparme ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

6. Non ter residencia fiscal no país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

7. Atoparme ao corrente do pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

8. Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións ou a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.



Mércores, 25 de xuño de 2025

Núm. 120

9. Non estar incurso nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Ley orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

10. No caso de que resulte beneficiario da subvención solicitada, comprométome a manter estes requisitos durante todo o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan na falsidade de documentos administrativos asino esta declaración.

Lugar, data e sinatura do interesado.

En _____, a _____ de _____ de _____

